



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O  
DÍA VINTE E DOUS DE OUTUBRO DO DOUS MIL SETE.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. Melchor Roel Rivas

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup> María Loureiro García, D. José Luis Docampo Fortes, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D<sup>a</sup>. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D<sup>a</sup>. María Concepción Toral Romero, D. Guillermo Leal Arias, D. Jesús Fernández Fernández, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen Gueimunde González, D<sup>a</sup>. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. Celestino V. García Paz, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

**XUSTIFICA A NON ASISTENCIA**

D<sup>a</sup>. Raquel Atadell Giz

**SECRETARIA**

D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e dous de outubro do dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da Secretaria, D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez, celébrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2007.**

Polo Sr. Alcalde preguntase aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión ordinaria celebrada o día 20 de setembro de 2007, intervindo o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que sinala que na páxina seis do borrador da acta no último parágrafo onde di: “En contestación o Concelleiro do grupo proponente da Moción, Sr. Leal Arias, puntualiza que as porcentaxes non son exactas, xa que cando se fala do Imposto de Sucesións, como ben indicou o Concelleiro do BNG, se está a tratar dunha escala sucesiva”; debe dicir: “En contestación o Concelleiro do grupo proponente da Moción, Sr. Leal Arias, puntualiza que as porcentaxes non son exactas, xa que cando se fala do Imposto de Sucesións, como ben indicou o Concelleiro do BNG, se está a tratar de unha escala por tramos”.

Igualmente o citado Voceiro solicita se incluan no punto 12 da orde do día de Rogos e Preguntas, as formuladas polo seu Grupo nesa Sesión e que quedaron, por decisión de Alcaldía, pendentes de contestación para a próxima Sesión.

Seguidamente polo Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, formula unha petición idéntica a do Voceiro do PP refirida a facer constar na acta o Rogos e Preguntas presentadas na Sesión do 20 de setembro.



Non producíndose outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaséis), acorda aprobar a dita acta, incluíndo as mencionadas observacións.

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DE DENOMINACIÓN DE DIVERSAS RÚAS DE VIVEIRO.**

Polo Sr. Alcalde dase lectura do Ditame emitido pola Comisión Informativa de Benestar Social en sesión celebrada o 24 de febreiro de 2004 e di: **DITAMEN SOBRE PROPOSTAS DE NOVOS NOMBRES PARA DISTINTAS CALLES DO CONCELLO.**

1. **ÁLVARO XIL VARELA:** Parte da actual Granxas (Covas), concretamente para o tramo de estrada Viveiro – Ferrol, entre a entrada o “ Camiño da Parrela” e a entrada á rúa “Osorio Páramo”.
2. **RÚA DAS GRANXAS:** Manter este nome desde a entrada á rúa “Osorio Páramo” ata a entrada á rúa que vai ao Paseo Marítimo, entre o chalet da viúva de Canosa e antiga casa dos Donapetry.
3. **MANUEL BUJADOS:** Antigua rúa Cantarrá, entre o edificio da librería F.P e o edificio da imprenta Pemargo.
4. **FERMÍN GONZÁLEZ PRIETO:** A peatonal entre o edificio Rego e o que tiña a tenda de fotocopias.
5. **RAMÓN BARRO:** A peonil que atravesa o río Cantarrá.
6. **XOSÉ RAMÓN VILLAR CHAO:** Entre o Campo de Fútbol e o Parque.
7. **MARUJA MALLO:** Prolongación da rúa Constanza de Castro.
8. **CECILIO BEDIA:** Rúa fronte ao edificio “Vaticano”.
9. **XAN PLA ZUBIRI:** Entre o chalet de Canosa a antiga casa dos Donapetry.
10. **NICOLÁS TABOADA LEAL:** a rúa da Farmacia (Covas).
11. **LOIS TOBIO:** Para o parque do entorno do Convento de San Francisco pola entrada aos Claustros.
12. **ALCALDE BALBINO CERDEIRAS REY:** Paseo Fluvial que discorre ao lado do río Landro dende Verxeles ata Porto Chao.
13. **CAMIÑO DA PARRELA:** Na zona de Granxas actual dende a Sixties ata o Pub City.  

O Sr. Alcalde propón dúas novas rúas que son
14. **VICENTE EMILIO BOUZA BASANTA:** subida ao Pedregal.



15. **JACINTO CALVO LÓPEZ**: O entorno da igrexa de San Francisco que inclúe a Praza de Mahía e a rúa que vai dende Benito Galcerán ata a Praza, tendo que empezar a numerarse dende Benito Galcerán.

16. **JOSÉ ILLADE**: A rúa que vai polo almacén de Santiaguito.

Aberta a quenda de intervencións toma a palabra D. José Antonio Goás Basanta Concelleiro do BNG, refirindo que sería convinte preservar os nomes populares das rúas que xa o tiveran segindo unha recomendación da UNESCO, por exemplo:

17. **ESPIÑEIRO**s: por detrás da Casa do Mar ata o Centro Ocupacional.

Pola súa parte D. Orlando Expósito Mariño Concelleiro de IE-EU, manifiesta que segindo ese criterio poderíase denominar:

18. **PENALABRADA**: Na zona de Verxeles a rúa que vai dende Michelin cara arriba.

Intervén a representante do Partido Popular, D<sup>a</sup> Vanesa Rego Martínez, propondo que tanto a rúa **ÁLVARO XIL VARELA** como a rúa **DAS GRANXAS** se denomine todo rúa **DAS GRANXAS**, debido a que podería levar a confusión a denominación que se está acordando na Comisión Informativa.

Tamén propón que a rúa **XOSE RAMÓN VILAR CHAO** se denomine rúa **DO PARQUE**, xa que é como se coñece na actualidade.

O Sr. Alcalde responde que esas denominacións xa quedaron ditaminadas no seu día, ofrecéndolle a posibilidade de que faga novas propostas na seguinte Comisión Informativa.

Propoñendo á Comisión Informativa que estas denominacións sexan acordadas no próximo Pleno.”

Polo Sr. Alcalde indicase que a denominación D. José Illade proposta polo Concelleiro de IU-EU corresponde a un médico que exerceu en Viveiro.

Aberta a quenda de intervencións prodúcese a da Concelleira do PP, D<sup>a</sup> Vanesa Rego Martínez, por cesión da palabra do Voceiro do seu Grupo, Sr. Leal Arias, que sinala que a rúa Granxas tiña outras propostas e que se teña en conta a opinión veciñal manifestada a través das Asociacións de Veciños, engadindo que non houbo ditame na Comisión Informativa que se celebrou días pasados.

Polo Sr. Alcalde sinalase que houbo ditame favorable na Sesión da Comisión Informativa, cuxo dictamen foi por maioría xa que ditaminaron a favor os grupos do PS de G- PSOE, o daquela Grupo do BNG e o Concelleiro IU-EU, que outra cousa é que non houbera unanimidade. Polo que se refire á participación veciñal xa se ven facendo e contando con está.

Procédese a efectuar a votación e o Pleno da Corporación por maioría de dez votos a favor (PS de G- PSOE, BNG e IU-EU) e seis abstencións (PP), acorda aprobar o dicto ditame e dar



traslado o presente acordo aos departamentos de Estatística, Informática, Recadación, Urbanismo e Servizos Sociais.

**3º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PEPRI DO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO.**

Polo Sr. Alcalde expónse que como os Concelleiros coñecen por haber tratado o asunto fai tempo na Comisión Informativa, o que se pretende con esta proposta é regulamentar e protexer os lugares que debendo dispor de protección pola súa situación no Casco Histórico non figuran desta maneira no documento do PEPRI actualmente en vigor, por erro ou por omisión. Indica así mesmo que se dan situacións anómalas como que inmobles construídos na década do 1980 atópanse protexidos e non obstante están sen protección outros como o edificio adosado á Porta de Carlos V e que andina que non lle gusta o termo trátase de evitar o agravio comparativo de que edificacións situadas na Praza Maior que estaban protexidas no PEPRI se lles instalaran galerías de aluminio. Continua citando exemplos e enumerando as distintas modificacións puntuais que se propoñen.

Aberta a queda de intervencións prodúcese as seguintes:

A do Voceiro do PP, Sr. Leal Arias, que dí como xa se comprobou na Comisión Informativas de Obras e Urbanismo se incorporaron ao expediente os documentos que faltaban, van a votar a favor, tendo en conta tamén as advertencias que se fan nos informes técnicos.

A do concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, que manifesta a súa conformidade indicando que xa fixeran constar.

A do Concelleiro de IU- EU, D. Orlando Expósito Mariño, que ratifica igualmente o seu apoio a proposta.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos membros presentes (dezaséis), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros, acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente a modificación puntual do PEPRI do Casco Histórico de Viveiro, según memoria e documentos redactados polo Arquitecto municipal e polos Técnicos da Oficina Municipal do Casco Histórico de Viveiro.

**SEGUNDO.** Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Obras e Urbanismo para a tramitación que cómpre facer preceptivamente, tanto da exposición ao público para a presentación de alegacións, como o traslado a outras Administracións para a emisión do informe sobre a proposta contida no documento.

**4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO URBANÍSTICO COA ENTIDADE DE “CONSTRUCCIONES Y SANEAMIENTOS A PIUNCA, S. L.”.**

Polo Sr. Alcalde indícase que vai retirar o asunto da orde do día porque non se ten constanza da recepción do documento da licenza de obras por parte de un dos promotores dunha das edificacións a que se refire o propio Convenio, polo que dí que clarificado o asunto incluírase na orde do día dunha posterior sesión plenaria.



5º.- **MOCIÓNS DO PP RELATIVAS A:**

5.1.- **SINALIZACIÓN DE PARROQUIAS.**

Polo Sr. Alcalde otórgase o uso da palabra ao Voceiro do PP, Sr. Leal Arias, que a cede ao Concelleiro D. Celestino Valentín García Paz, que le textualmete, e que di:

“Un municipio como Viveiro que uno de sus principales recursos es el Turismo y que posee multitud de barrios y burgos en las distintas parroquias, lugares que en muchos casos son digno reflejo de la tipología de nuestra arquitectura rural, y por tanto lugares de observación y vista merecen una buena señalización.

Después de las inversiones realizadas en señalización, tanto a cargo del Plan de Excelencia Turística como del Proder con las que se pudo satisfacer las necesidades de varios lugares del Municipio, no se han producido nuevas actuaciones en este campo que completen lo ya realizado.

Así parroquias como Landrove, Celeiro, Area, Chavín, Magazos o Xunqueira necesitan una mayor atención en este campo y en mayor medida la parroquia de Covas dónde lugares como Nogarido, Pena, Lapido, Pereira, Congostras, Pallaregas, Os Meleiros, Alvarelle, A Cruz, Iglesia y otras zonas de Escourido como Poceiro, Laxe Riquian, Patarroa o Soutullo, carecen absolutamente de señalización.

Ya en el 2005 la Asociación de vecinos Xuntanza de Covas entregó al Alcalde un plano con indicación de los lugares en los que debían de ubicar las distintas señales. Sin embargo, a día de hoy, transcurridos más de dos años, no se ha adoptado ninguna medida para dar solución a la demanda realizada, a pesar del compromiso adquirido con los vecinos.

Por otra parte, además de las indicaciones de los distintos lugares, destacamos la necesidad de señalar el principio y final de las distintas parroquias.

Es por este motivo por lo que el Grupo Municipal del Partido Popular propone al Pleno de la Corporación la aprobación de los siguientes acuerdos:

**PRIMERO:** Que por parte del Ayuntamiento se proceda a la adecuada señalización de las parroquias de Landrove, Celeiro, Area, Chavín, Magazos, Xunqueira y Covas.

**SEGUNDO:** Solicitar de los organismos o administraciones correspondientes que tengan competencias en las distintas carreteras del Municipio para que procedan a señalar el comienzo y final de cada parroquia.”

Polo Sr. Alcalde-Presidente que pide que a Secretaría que conste en acta que lle fai entrega ao Voceiro do PP do documento que contén o total da sinalización do Concello. Indicando a seguir que o programa PRODER cando gobernaba o PP calculaba en 23.500 euros o custo da sinalización, mentras que eles invertiron 322.000 euros que se pagaron ata a data. Continua decindo que o PP está moi mal informado pois ten que decirlles que os erros ou as omisións que poidan existir na sinalización deberonse a que as Asociacións de Veciños non entregaron os datos para facela; ou ben estes estaban erróneos, e que debido a esto os técnicos municipais tiveron que corrixir ou cambiar a



sinalización como ocorreu na parroquia de Magazos; indicando que na parroquia San Pedro sinalizábase o principio e o final pero non o acceso. Que o Goberno do PP tiña as pracas verdes acumuladas como si fora chatarra no almacén de San Roque, e considera por todos esos motivos que non e de recibo o contido da Moción e polo tanto non a van a aprobar.

Seguidamente interven o concelleiro do BNG dicindo que van votar en contra da Moción do PP si se termina a sinalización tal e como indicou o Sr. Alcalde.

O Concelleiro de IU- EU, D. Orlando Expósito Mariño, pregunta que se fixo no Goberno do PP e que hai que recoñecer que todo e mellorable pero que vir a prantexar este feito non lle parece consecuente, aínda que existan detalles que é preciso mellorar.

En contestación o Concellerío do PP, Sr. García Paz, recomenda que se volte a ler a Moción e que se teña en conta que non se citan nela as parroquias que están debidamente sinalizadas. Que unicamente se pide que se complete o que non está rematado e a seguir se pregunta ¿Onde está a de Pénjamo, Santo Albites, As Nogueiras. A continuación di que referido a Covas, no ano 2005 entregouse ao Concello un Croquis, sin que a data de hoxe nin as Pallaregas, nin os Meleiros, nin a Cruz dispoñan de sinalización; mostrando seguidamente unha fotografía dun cruce de estrada no que un veciño se preocupou de pintar a dirección a Vieiro cara a evitar reiteradas confusións; menciona o Mosteiro da Nosa Señora de Valdeflores que aínda que se indica abaixo, non obstante na estrada non existe sinalización. Cita o caso de Magazos ¿Onde esta sinalizado Coto? Puntualizando finalmente que respecto á súa persoa ten que dicir que foi catro anos Concelleiro, que ninguén pode dudar da súa honestidade e traballo, aínda que si da súa xestión que eran a de Concellerío de alumeado, e que non ten ánimo de levar a contraria porque sí ao Sr. Alcalde.

En contestación o Sr. Alcalde sinala que si é un home honesto que lle conten as cousas como sucederon cos propios representantes das Asociacións de Veciños. Que non dubidan da súa honradez, aínda que si que os veciños de Xuntanza de Covas non lle recoñeceran o erro nos croquis facilitados ao Concello; insistindo na inversión efectuada polo anterior Goberno e que pretenden continuar co persoal que se contrate.

Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación por maioría de seis votos a favor (PP), e dez votos en contra (Ps de G-PSOE, BNG e IU-EU) acorda desestimar a dita Moción.

Polo voceiro do PP, Sr. Leal Arias, se fai constar que o Señor Alcalde iniciou o ademán de levantar o brazo e votar a favor da Moción do PP, que é sinal de que non se atopa moi en contra dela.

## **5.2.- DEREITO Á OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN MUNICIPAL.**

Polo Sr. Alcalde, se outorga o uso da palabra ao Voceiro do PP, Sr. Leal Arias, que a cede á Concellería, D<sup>a</sup>. María del Carmen Gueimende González, que le a Moción que textualmente di:

### **“DERECHO A LA OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN MUNICIPAL**

#### **Exposición de motivos**

El artículo 77 de la Ley 71/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, modificado por la Ley 11/99 de 21 de abril, coincidiendo incluso, aunque con más limitaciones para



todos los ciudadanos, con el artículo 70.3 la Ley 57/2003, de 16 de diciembre, de Medidas para la Modernización del Gobierno Local, establece que todos los miembros de las Corporaciones Locales tienen derecho a obtener del Alcalde-Presidente, o de la Comisión de Gobierno, cuantos antecedentes, datos o informaciones obren en poder de los servicios de la Corporación y resulten precisos para el desarrollo de su función.

Los artículos 15 y siguiente del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales desarrollan el derecho a la información libre para los concejales, sin necesidad de petición expresa, ya se trate de asuntos de libre acceso para cualquier ciudadano, bien a resoluciones o acuerdos previamente adoptados, con sus antecedentes, datos e informes, es decir, la totalidad del expediente administrativo incoado.

El derecho a la información que tiene un Concejal, de los asuntos que conciernen a la Entidad de la que forma parte, deriva del derecho fundamental a la participación en condiciones de igualdad en las funciones y cargos públicos, consagrado por el art. 23.2 de la Constitución Española, según se viene reconociendo por el Tribunal Supremo; bástenos citar las últimas sentencias de 25 de junio de 1999, 14 de marzo y 25 de abril de 2000.

Y, sin ir más lejos, el propio dictamen emitido por la Sra. Secretaria de esta Corporación, de fecha 7 de agosto de 2007, a petición del Grupo Municipal Popular, donde expone con absoluta claridad y sin dar lugar a ningún género de dudas, el derecho de los concejales de una Corporación Municipal al acceso a todo tipo de documentos y escritos que formen parte de cualquier expediente.

Como consecuencia de la constante negativa que por parte de la Alcaldía se viene planteando a los grupos de la oposición, especialmente al Partido Popular, a la hora de facilitarles la documentación municipal que cada concejal requiera, individualmente o a través de su grupo municipal, y como quiera que con esta actitud está atentando contra los derechos fundamentales de los ediles, resultando este modo de proceder de la Alcaldía algo totalmente novedoso en este Ayuntamiento, que pone en manifiesto la intencionalidad de ocultar información a los grupos municipales, impidiéndoles el control político de sus actos.

Es por lo que el Grupo Municipal propone a la Corporación Municipal, para su aprobación, el siguiente acuerdo:

**<<Que todo concejal de la corporación municipal de Viveiro tenga acceso libre a los expedientes municipales en su integridad, así como obtener copia de estos, en los supuestos establecidos por el art. 15 del real decreto 2568-1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales, con sometimiento a lo previsto en el artículo 16 de la misma norma y sin necesidad de acreditar autorización, estando obligados los servicios administrativos locales a permitir la consulta y examen de los expedientes señalados, así como facilitar la información y documentación interesada>>**

Polo Sr. Alcalde maniféstase que o que se acaba de ler xa o presentou o PP, como denuncia no Xulgado, e déronlle sobreseimento libre, e que o que sucede na actualidade e que se celebran as Comisións Informativas que co Goberno do PP non había, xa que tiñan establecida unha Comisión Informativa do asuntos do Pleno. Que están a presentar o escrito de solicitude de información sobre



asuntos que se atopan en tramitación administrativa; di que é co único fin de colapsar o Concello. Que curiosamente non existen queixas dos outros Concelleiros da oposición sobre denegación de información. Que xa tivo unha denuncia ante a Axencia de Protección de Datos, que foi arquivada, por facilitar datos relativos a un expediente de licenza a nome de Dulce María Chao. Que o que ten que ter en conta o PP é que non se atopa no Goberno Municipal. Que vai fixar dúas horas semanais para que comparezan no Concello, ao obxecto de consultar a documentación que requiran. Que lle sorprende unha solicitude do PP de fotocopias dos planos do Proxecto do Peirao de Viveiro cando ese proxecto estivo exposto para calquer veciño que o quixera consultar. Que se o PP non dispón de Concelleiros con capacidade técnica para examinar ese expediente que o fagan acompañados de quen consideren.

Insiste a continuación no asunto da celebración das Comisións Informativas citando o acordo de adquisición dos terreos da Insua, e unha contestación que se lle deu ao respecto ao Concelleiro de IU-EU relativa a que lle informe o seu Partido. Que presentando vinte escritos de promedio semanais non se vai facilitar esa información, porque non se pode ter ao personal do Concello dedicado a esa tarefa.

Seguidamente intervén o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, que di que o que se solicita na Moción é unha transcripción do contido dos artigos do ROF relativos ao dereito de información dos Concelleiros, pero que o que lle parece bastante forte é o último parágrafo da Moción xa que cre que a solicitude de información ten que levarse a cabo dende unha postura de control e fiscalización xustificada e que sirva para o desenvolvemento da función de Concelleiro. Que si retiran o citado parágrafo a apoiaría.

Polo Concelleiro de IU-EU, se di que daquela non se lembran do “calvario” que pasaron cando gobernaba o PP cando agora veñen de salvadores da democracia e a participación.

Intervén a Concelleira do PP, D<sup>a</sup>. María Carmen Gueimunde González, lembrando que os partidos os compoñen persoas e que cambiou a Corporación deste Concello e que piden o que lles corresponde por dereito que son os asuntos que aparecen reflectidos nas Sesións das Comisións Informativas e os Plenos que indica é unha información necesaria para realizar as súas funcións e poder emitir con coñecemento de causa os ditames e votos; polo que a información que requiren ten que ser completa e que nesta Sesión elimiouse un punto da Orde do Día porque non se atopaba completo e carecía de informes. Polo que se refire á suposta paralización da Administración Municipal coas súas solicitudes de información, entende que se deben artellar os medios para dar resposta aos Concelleiros e veciños. Que é o único Concello que se paraliza pola petición de información, aínda que esta se utilice cumprindo co sixilo que ten que presidir a función da Concelleira, D<sup>a</sup> Vanesa Rego Martínez, o uso da información coñecida.

Polo Sr. Alcalde pídeselle brevidade na argumentación, lebrándolle que é unha réplica.

A citada concelleira do PP sinala que soamente piden aquilo que lles corresponde por dereito, que é a documentación dos expedientes das Comisións Informativas e Pleno da Corporación.

Neste intre o Sr. Alcalde interrúmpea para dicir que esa documentación é xustamente a que non se lle nega a ningún Concelleiro; non obstante di que esas afirmacións non concordan co contido dos escritos rexistrados polo PP en petición de documentación, e que ese razoamento da Concelleira non é o que solicitan na Moción; sinalándolle que ela mesma se presentou polo Partido Po-



pular e que polo tanto son as siglas que a representan, que con esa denominación integran o Grupo político no Pleno da Corporación.

Polo Voceiro do PP, Sr. Leal Arias, maniféstase a conformidade coa emenda proposta polo Concelleiro do BNG.

Polo citado Concelleiro reitérase o manifestado respecto ao seu apoio á Moción do PP si se suprime o parágrafo que sinalou.

Neste intre pola Secretaría da Corporación se solicita que polo Sr. Goás Basanta se de lectura do parágrafo da Moción que é obxecto da súa emenda para suprimilo; indicando o citado Concelleiro que é o que dí: “Como consecuencia de la constante negativa que por parte de la Alcaldía se viene planteando a los grupos de la oposición, especialmente al Partido Popular, a la hora de facilitarles la documentación municipal que cada concejal requiera, individualmente o a través de su Grupo Municipal, y como quiera que con esta actitud está atentando contra los derechos fundamentales de los ediles, resultando este modo de proceder de la Alcaldía algo totalmente novedoso en este Ayuntamiento, que pone en manifiesto la intencionalidad de ocultar información a los grupos municipales, impidiéndoles el control político de sus actos.”

Por Secretaría se indica ao Sr. Alcalde que se ten que votar a emenda xa que foi aceptada polo Grupo propoñente da mesma; procedéndose a votar dita emenda que acada o seguinte resultado: votos favor sete (PP e BNG), votos en contra oito (Ps de G PSOE), abstención unha (IU - EU), quedando rexeitada a Moción coa dita emenda.

#### **6º.- SOLICITUDE DE INTEGRACIÓN NA “FUNDACIÓN PARA LA INVESTIGACIÓN, DESARROLLO TECNOLÓGICO E INNOVACIÓN EN EL SECTOR PESQUERO”.**

Polo Sr. Alcalde explícase someramente a proposta; sendo aceptada polo Grupo do PP e polos Concelleiros de BNG e IU-EU que indican nas súas intervencións as seguintes puntualizacións:

O Voceiro do PP, Sr. Leal Arias, que se facilite copia dos Estatutos e informe de Intervención, toda vez que da integración se derivan obrigas económicas para este Concello.

O Concelleiro do BNG, Sr. Goás Basanta, que menciona a solicitude de licenza de construción e que considera que sería conveniente axilizar ese tramite dado o interese que ten outra localidade nese asunto.

Polo Cocelleiro de IU-EU, Sr. Expósito Mariño, formúlase a seguinte Pregunta ¿Qué quere dicir Aportación Inicial?, ¿Por qué non pasou este asunto por unha Comisión Informativa xa que a documentación non a teñen?.

O Sr. Alcalde contesta aos Concelleiros que se lles facilita a información específica que ten a Alcaldía, xa que os Estatutos están na páxina correspondente da Web. Que non se den voltas á noria do asunto pois este apoio ten que ser inmediato.

Non se producen outras intervencións e o Pleno da Corporación por unanimidade dos membros presentes (dezaséis), acorda:



PRIMEIRO: A integración no Padroado da “Fundación para la investigación, desarrollo tecnolóxico e innovación en el Sector Pesquero” que leva traballando en diversos proxectos de investigación para o Sector da Pesca o Centro Tecnolóxico da Pesca (CEPEC), en instalacións provisionais en Celeiro.

SEGUNDO: A aportación inicial de 6.000 euros co cargo aos Orzamentos Municipais do ano 2007.

TERCEIRO: A aprobación dos Estatutos de dita Fundación.

**7º.- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA DE INTEGRACIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE VIVEIRO E DAS AXENCIAS DE LECTURA DE CELEIRO E COVAS, NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA.**

Polo Sr. Alcalde cédese o uso da palabra á Concelleira de Cultura, D<sup>a</sup> Concepción Toral Romero, que da lectura da proposta.

A concelleira engade que a biblioteca de Viveiro ao non atoparse integrada perdéronse unhas subvencions, e que todo o que veña para esa dotación é benvido porque necesita incentivación.

Aberta a quenda de intervencións prodúcese unicamente a do Voceiro do PP, Sr. Leal Arias, que formula a seguinte pregunta: ¿Que obrigas asume o Concello de Viveiro por integrar esa Rede?.

Polo Sr. Alcalde respóndese que é a de ter aberto o local nun horario determinado.

Procédese a efectuar a votación e o Pleno da Corporación por unanimidade dos membros presentes (dezaseis), acordan aprobar a dita proposta que dí:

“O DOGA nº 4, de 05-01-96, publica unha Orde do 21 de Novembro de 1995, pola que se desenvolve o Decreto 24/95, do 20 de xaneiro, na que se regulan os centros bibliotecarios fixos, no referente á creación de bibliotecas municipais en colaboración coa Consellería de Cultura, e pola que se regula a integración na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Sendo conscientes da grande importancia que para os cidadáns do noso Concello, usuarios da biblioteca e das axencias de lectura municipais, ten a súa integración na rede de bibliotecas de Galicia, é polo que propoñemos a seguinte resolución para a súa aprobación:

**“O Concello-Pleno do Excmo. Concello de Viveiro, solicita da Consellería de Cultura a integración da biblioteca municipal de Viveiro e das axencias de lectura de Celeiro y Covas na rede bibliotecaria de Galicia, asumindo as obrigas derivadas da mesma, segundo o correspondente convenio entre ambas as dúas administracións.”**



**8º.- INICIO DOS TRÁMITES PARA A INCORPORACIÓN NO INVENTARIO MUNICIPAL DA EDIFICACIÓN EXISTENTE NO CAMPO DA FEIRA DE XUNQUEIRA.**

Polo Sr. Alcalde expónse que con esta proposta se fai eco dunha petición formulada pola Asociación de Veciños de Xunqueira para que se incorpore ao Inventario de Bens Inmóbeis a edificación existente no Campo da Festa, indicando tamén que queren que o Concello a prepare e a adapte para esa Asociación, para actividades lúdicas, incidindo en que esta última cuestión non é obxecto deste punto xa que unicamente o que propón a Alcaldía é iniciar os trámites administrativos para que se incorpore a citada edificación ao Inventario de Bens.

Aberta a quenda de intervencións, tanto o Voceiro do PP, como os Concellerios do BNG e IU-EU manifestan o seu apoio, preguntando o representante desta Coalición, Sr. Expósito Mariño a razón pola non se fai referencia aos terreos.

Polo Sr. Alcalde autorízase a que a Secretaria da Corporación faiga unhas observacións sobre o asunto, indicando a citada funcionaria que en reiteradas ocasións requiriuse verbalmente á citada Asociación a aportación de documentación da dita edificación existente no Campo da Festa de Xunqueira, sin que ata a data se presentara documentación ningunha, polo que non se pode acreditar a titularidade da mesma.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda que se leven a cabo os trámites legais preceptivos para que se incorpore ao Inventario de Bens Inmóbeis da edificación existente no Campo da Festa de Xunqueira.

Dése traslado do presente acordo á funcionaria responsable do Departamento de Estatística Municipal.

**9º.- INICIO DO EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DO CAMIÑO DAS CADEAS, SITO NA PARROQUIA DE VACARRÍA.**

Polo Sr. Alcalde expónse que como os Corporativos coñecen, fai días levouse a cabo o derrubamento do muro que pechaba o Camiño da Picha, sito na parroquia de Valcarría. Que o Camiño que aquí denominamos das Cadeas, xa que as ten instaladas e impiden o paso, é un camiño que comunica a estrada de Valcarría co propio Camiño da Picha. Que o Camiño das Cadeas non se atopa inventariado aínda e que os veciños do lugar atestigüen que sempre existiu e prestou servizo como tal. Que a intención da Alcaldía é a de proceder á apertura e á retirada de obstáculos que impiden o paso polo Camiño da Picha e aledaños, feito que se inicia co derrubamento que mencionou. Por todo isto propón ao Pleno que se inicien os trámites para a investigación da titularidade do Camiño das Cadeas, cara a determinar si é de titularidade municipal, e no seu caso se proceda á súa recuperación.

Non se producen intervencións e o Pleno da Corporación, por unanimidade (dezaséis), acorda iniciar o expediente de investigación da titularidade do camiño que discorre entre a estrada de Valcarría e o Camiño da Picha que se atopa, na actualidade, pechado por unhas cadeas.



**10º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

O Sr. Alcalde dá conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis) acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía.

**11º.- DACIÓN DE CONTA DE TOMAS DE POSESIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO.**

Polo Sr. Alcalde cédese o uso da palabra á Secretaria do Concello que indica que ao longo deste ano, de 2007, tiveron lugar diferentes procesos selectivos e de promoción interna de funcionarios deste Concello que deron lugar a tomas de posesión de novas prazas. Que resulta conveniente, independentemente da súa constancia no expediente persoal de cada funcionario, se recolla na acta dun Pleno esta circunstancia, polo que procede a dar conta individualizadamente das tomas de posesión seguintes:

- Selección mediante Concurso - Oposición de Administrativos de Administración Xeral, Grupo C, Nivel 20, carácter interino:
  - o Amalia Álvarez Lage, de data 1 de marzo de 2007.
  - o Natalia Mirón Domínguez, de data 1 de marzo de 2007.
  
- Promoción interna: Concurso de Administrativos de Administración Xeral:
  - o Encarnación Casas Polo, Grupo C, Nivel 20, de data 2 de maio de 2007.
  - o Remedios Fraga Martínez, Grupo C, Nivel 20, de data 2 de maio de 2007.
  - o Eusebio Martínez González, Grupo C, Nivel 22, de data 2 de maio de 2007.
  
- Selección mediante Concurso de Arquitecto interino, Grupo A, Nivel 26, Marcos Hermida Trastoy, de data de 18 de maio de 2007.
  
- Selección mediante Concurso de Técnico de Servizos Económicos, con carácter interino, Grupo A, Nivel 24, Sergio Aguado Delicado, de data 16 de xullo del 2007.
  
- Selección mediante Concurso de Suboficial da Policía Local, promoción interna, Grupo C, Nivel 22, Juan Manuel Escudero Crespo, de data 10 de outubro de 2007

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis), acorda darse por informada das citadas tomas de posesión de persoal funcionario.

Dése traslado do presente acordo, en igual número de exemplares dos nomeados á funcionaria encargada do Departamento de Persoal.



**ASUNTOS URXENTES.**

Polo Sr. Alcalde, antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, de conformidade co disposto no artigo 91.4, do R.O.F, maniféstase a súa intención de someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, un asunto que non figura na Orde do día da Sesión, motivado na premura do informe da licenza de obras antes de que o Arquitecto municipal disfrute das vacacións anuais correspondentes.

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BONIFICACIÓN, POR INTERESE SOCIAL, DO 90% DO ICIO DA OBRA “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE CARPINTERÍA EXTERIOR EN CASA DE FAMILIA INMACULADA NIÑA.**

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezaseis), acorda a inclusión na Orde do día de dito asunto.

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BONIFICACIÓN, POR INTERESE SOCIAL, DO 90% DO ICIO DA OBRA “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE CARPINTERÍA EXTERIOR EN CASA DE FAMILIA “INMACULADA NIÑA”.**

Polo Sr. Alcalde expónse que a labor realizada pola Casa de Familia “Inmaculada Niña” é coñecida por todos os corporativos e que, fundamentalmente, está dedicada á atención e integración de menores con circunstancias familiares especiais; polo que se propón, que o proxecto referido sexa declarado de interese social, cara a bonificar o 90% do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese a do Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que manifesta a conveniencia de apoiar a proposta dada a labor social que realiza esa Casa. Polo Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, se manifesta a conformidade do seu grupo, indicando que tamén están a favor se se trata de eximir totalmente do pagamento das taxas e do resto do 10% do ICIO, a través dunha subvención polo importe que resultara deses dous conceptos.

Os Concelleiros do BNG e IU-EU, Sres. Goás Basanta e Expósito Mariño, aceptan a proposta, polo que o Sr. Alcalde dí que se incluírá a subvención polo importe das taxas o e 10% do ICIO.

Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseís), acorda:

**PRIMEIRO.-** Conceder á Casa de Familia “Inmaculada Niña” a bonificación polo máximo permitido legalmente do importe do ICIO, que corresponda, pola licenza de obra para execución de substitución de carpintería exterior do edificio sito na rúa Vicente Cociña, número 1, 1º, A, segundo o proxecto da arquitecta Dª. Patricia Vázquez Mille, por considerar de interese social a labor que desenvolve de atención á infancia dita Institución.

**SEGUNDO.-** Conceder unha subvención pola contía do resto de tributos municipais que cómpre aboar pola citada licenza de obra.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente acordo á Casa de Familia “Inmaculada Niña” e aos departamentos de Obras, Intervención e Tesourería.”



**12º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Polo Sr. Alcalde procédese a dar contestación as preguntas formuladas polo Grupo do PP na sesión celebrada o día 20 – 09 – 07.

1º.- Saber si se ha incrementado el canon del puerto deportivo y si son ciertos los rumores de que existe la intención por parte del gobierno local de renunciar a la concesión y ceder la gestión a Portos de Galicia. ¿Cuánto va a indemnizar Portos por las inversiones realizadas y el lucro cesante?

Polo Sr. Alcalde respóntase que xa publicou ao PP ese asunto. Que non existe intención ningunha por parte do Grupo do Goberno de renunciar a dita Concesión, polo que as respostas a todas as preguntas formuladas en relación con ese asunto son de carácter negativo.

En canto ao incremento do canon do Porto Deportivo ten que dicir que se aprobou durante o Goberno do PP na Xunta de Galicia, polo que lle estraña dí, tal pregunta.

2º.- ¿Cuál es el criterio que se ha seguido para contratar un nuevo arquitecto en sustitución de una plaza de ingeniero existiendo ya dos arquitectos y dos aparejadores? ¿Esa es la forma de equilibrar una plantilla?

Polo Sr. Alcalde respóndese que non se contratou ningún arquitecto. Que o que se dixo e que a praza de Enxeñeiro non se necesita xa que a Diputación Provincial de Lugo comprométese a cooperar nesa materia, polo que van a cambiar na relación de postos de traballo a praza de enxeñeiro por unha de arquitecto.

3º.- Conocer si se le está pagando a Francisco Méndez Goás lo exigido por la sentencia o si se ha recurrido. ¿En qué situación está?

Polo Sr. Alcalde respóndese que se atopa recurrida a sentenza.

4º.- Cuando se va a ejecutar la sentencia del Tribunal Supremo por la que debe indemnizarse a la trabajadora María del Carmen Orol Castro.

Polo Sr. Alcalde respóndese que non hai indemnización porque se readmitiu á dita traballadora, aínda que si cómpre aboar os salarios de tramitación que se recurriu porque en dúas instancias: Xulgado do Social de Lugo e Sala do Social do Tribunal de Xustiza da Coruña, fallouse a favor do Concello e en contra de Xunta de Galicia, polo que este Concello entende que lle correspondería aboar eses salarios á propia Xunta, ou á Administración de Xustiza, xa que o Concello en ningunha desas dúas sentencias estaba obrigado a readmitir á traballadora.

5º.- ¿En qué situación se encuentra la adquisición de la Pomba? ¿de quién es? Cuando se termina de pagar? ¿quién le hace el mantenimiento?

Polo Sr. Alcalde indícase que a Pomba xa está pagada, e que o mantemento o están a facer os anteriores propietarios da embarcación de maneira altruista. Que se adquiriu atendendo a unha proposta do Concelleiro do BNG, Sr. Goás Basanta, para destinar a mesma ao Buque Museo, pero o



Ministerio de Fomento non autorizou que continuara coa navegación, polo que se vai destinar a museo da pesca.

6º.- ¿Cuándo va a entrar en funcionamento la EDAR y el saneamiento integral correspondiente al convenio firmado entre el Ayuntamiento y la Consellería de MEDIO Ambiente?

Polo Sr. Alcade respóndese que la EDAR de Viveiro leva funcionando dende maio de 2007, ten un año de explotación por parte do contratista (COPASA), e ao cabo do año faise entrega aao Concello.

Para el buen funcionamiento de la obra fué necesario por urgencia renovar todo el emisario terrestre, variadores de frecuencia, etc, con una valoración estimativa de aproximadamente de 600.000,00€

El mayor problema detectado es la disponibilidad de terrenos donde se ubican los pozos de bombeo de cada una de las parroquias, mas concretamente Faro, Pena y Magazos.

Al no poder poner en funcionamiento el pozo de Magazos, no es posible poner en funcionamiento todo el saneamiento de la parte interior del municipio (Galdo, Landrove, Portochao,...)

Al no poder poner en funcionamiento el pozo de Pena 2, Vieiro no puede conectar el saneamiento.

Los únicos pozos que se pueden poner en funcionamiento son el de Corgo de Faro y Pallaregas en Covas.

El corgo está prácticamente listo pudiendo funcionar en el plazo de 15 días, el de pallaregas tiene pendiente la salida del aliviadero siendo necesario disponer de un terreno para colocar el tubo de regato.

Otra de las partes que ya están en funcionamiento son los pozos de:

- Polideportivo.
- Jardines Noriega Varela.
- Lodeiro.
- Emisario

También se encuentran ejecutados y en funcionamiento por obra de urgencia las siguientes actuaciones:

- Derivación en rio dos Foles del alcantarillado a través del asilo.
- Realización del bombeo del pretratamiento que da servicio a Celeiro.
- Nuevo pozo de bombas y canalizaciones albergue de Area-Casanova.
- 1ª parte del emisario submarino (100,00 m).
- Ampliación de la red de alcantarillado en Veiga, Magazos.



Hasta no gestionar la titularidad de los terrenos de 3 pozos de Bombeo no es posible conectar todo el saneamiento de Viveiro.”

7º.- En Junta de Gobierno Local de fecha 8 de agosto de 2007 en el punto COR12 se impone por parte de la Delegación Provincial de la Agencia Tributaria una sanción por infracción tributaria de 2.940 euros. Por este motivo formulamos las siguientes preguntas:

- ¿Cuándo se ha pagado la mencionada sanción y con cargo a qué partida?
- ¿Cuáles han sido las causas por las que se ha impuesto la mencionada sanción?

Polo Sr. Alcalde respóndase que terá que contestar o Sr. Interventor que hoxe non asiste a esta Sesión xa que coñecerá os motivos.

8º.- ¿Tiene previsto el alcalde presentar los presupuestos del 2007?

O Alcalde responde negativamente, indicando que o Técnico en Xestión Económica e o propio Interventor entenden que eso suporía retrasar os presupostos do ano 2008; seguidamente indica que a próxima semana entregan as Ordenanzas Fiscais aos Concelleiros e posteriormente se facilitarán aos veciños.

9º.- ¿Qué medidas ha tomado el señor Alcalde para restituir a la legalidad la obra realizada sin licencia bajo el puente del ferrocarril en el camino de acceso a Naín? ¿en qué estado quedará la vía una vez terminada la obra? ¿Para cuándo está prevista esa restitución del vial?

Polo Sr. Alcalde contéstase que la empresa constructora “Calidad Constructiva S.L.”, presenta el convenio de colaboración con el Concello de Viveiro en el que a cambio sito en campo de verdes dicha empresa se compromete a realizar las obras de mejora y ensanche en el camino de acceso a campo de Urraca.

Dicha obra planificada dentro del plan Galicia no llegó a ejecutarse, considerando el Ayuntamiento una buena oportunidad para realizar de forma gratuita una obra de interés para los vecinos de campo de Urraca, ya que con esta actuación se permitirá el fácil acceso del camión de bomberos, ambulancias, etc, a dicho lugar.

A día de hoy y después de aclaradas todas las controversias de esta obra, se va a proceder a la notificación a la empresa Calidad Constructiva de reanudar las obras de mejora del camino de acceso a Campo de Urraca, ya que hasta el momento y dado el continuo paso de camiones se consideraba erróneo el pavimentar dicho vial.”

10º.- ¿Qué pasa con la escalinata de San Francisco?

Polo Sr. Alcalde contéstase que “En diciembre de 2005 se redacta el proyecto de OBRAS DE CONSOLIDACIÓN EN LAS ESCALERAS DE ACCESO A LA IGLESIA DE SAN FRANCISCO DE VIVEIRO.

Para ejecutar dicho proyecto y al tratarse de un entorno BIC, es necesario solicitar autorización de patrimonio para el desarrollo de dicha obra.



Con fecha 8 de febrero de 2006 se envía el proyecto arqueológico realizado por D. Emilio Ramil para solicitar autorización para la realización de dichas catas.

Con fecha 6 de marzo de 2006 se aprueba la autorización de dichas catas por parte de patrimonio.

El 15 de Enero de 2007 se envía a patrimonio el informe valorativo parcial de las catas realizadas y expone la necesidad de ampliar la excavación a todo el frente de la iglesia.

El 3 de julio de 2007 se envía informe memoria de la excavación arqueológica del espacio entre capillas situadas en el frente de la Iglesia de San Francisco, del cual a día de hoy no tenemos contestación por parte de patrimonio lo que implica QUE NO PODEMOS INICIAR LAS OBRAS hasta la resolución final de la CONSELLERÍA DE CULTURA.

Hacer constancia de que en la 2ª cata ha aparecido una canalización de electricidad que atraviesa todo el frente de la iglesia, ejecutada en su momento (hace 15 años) y que ha invadido totalmente la zona de enterramientos, con el correspondiente deterioro del mismo.”

11º- ¿Y con el área etnográfica de la muralla?

Polo Sr. Alcalde respóndese que “El proyecto de reforma del entorno da porta do valado se inicia con una actuación del Plan de Excelencia Turística en el año 2004, que tenía por objeto adecuar y poner en valor las 3 puertas de la muralla que quedan en pie.

Para el inicio de las obras fue necesario el desarrollo de un proyecto arqueológico y su perceptiva autorización de Patrimonio.

Una vez realizadas dichas catas el informe denuncia un alteración total del subsuelo, invadido totalmente por material de escombros así como la aparición de una rampa de hormigón ejecutada por la obra de reciente construcción promovida por Construcciones Moliner S.L.

Este hecho paralizó notablemente el desarrollo de la obra, siendo precisa la modificación del proyecto original.

Una vez resuelto el expediente con patrimonio se prosiguió la obra hasta su finalización.

El objetivo de este proyecto es la creación de un centro de interpretación del Viveiro medieval, donde se expongan a todos aquellos restos encontrados en las excavaciones realizadas dentro del casco histórico.

En este momento se está ejecutando en colaboración con el cronista oficial el proyecto de señalética, planos, textos, hornacinas expositivas ..., que permitan mostrar al visitante todo lo encontrado en Viveiro de época medieval así como la valoración por la creación de una maqueta de Viveiro en la edad media.

La pretensión es dotar al centro de interpretación de toda la documentación necesaria para que los visitantes puedan disfrutar y conocer los orígenes de Viveiro en un enclave hasta hoy no accesible no conocido por los ciudadanos.



La apertura de este nuevo espacio permite una visión y un entendimiento totalmente diferente de lo que hasta el momento tenemos del Viveiro medieval.”

12º.- ¿Y con la casa de Calvo Sotelo?”

Polo Sr. Alcalde respóndese que “En outubro de 2006 foi adxudicada á obra a empresa “Construcciones y Transportes Paulino González S.L.” cun prazo de execución de dous meses.

En decembro de 2006 procédese á demolición de cuberta e da tabiquería da planta 1ª da edificación, ao mesmo tempo acópanse as vigas, puntos e cangos, para a execución da cuberta.

Desde ese día ata hoxe a obra atópase parada, ca edificación sen ningún tipo de protección que impida o paso da auga de choiva ao seu interior, causando deterioros no forxado de madeira da planta 1ª e nos enfoscados dos muros de fachadas, de recente aplicación.

Despois de varias reunións ca empresa constructora, co obxecto de analizar os motivos da súa paralización e reanudar as obras, estas non proseguen.

Con data 23 de marzo de 2007 a empresa constructora presenta un escrito neste concello con nº de rexistro 1539, o cal se adxunta, no que se definen as dificultades existentes pola súa parte para desenvolver os traballos contratados.

#### EN BASE AO EXPOSOTO O CONCELLO INFORMOU

1º.- Que a día de hoxe as obras de “Saneado da cuberta da casa nº 23 sita na rúa Irmáns Villar Ponte (casa de Calvo Sotelo)”, atópanse paradas.

2º.- Que para a execución da obra establecíase no contrato un prazo de 2 meses, os cales xa pasaron sen haber solicitado a empresa prórroga algunha xustificando os motivos de dita paralización.

3º.- Que a paralización da obra, xunto coas inclemencias metereolóxicas, e ao encontrarse a obra sen ningún tipo de cubrición, provocou un deterioro estrutural do forzado de planta 1 e de fachadas do edificio.

4º.- Respecto ao escrito con data 23/03/07 pola empresa constructora plantexo:

- Realizar un proxecto modificado da obra, no que se contemple o saneado e reposición da fachada posterior do edificio, co fin de garantir a estabilidade estrutural da edificación.
- Acondicionar un acceso a través do parque existente na parte posterior da edificación, dotando de tablóns de madeira e proteccións as pasarelas e aceras existentes para non deterioralas.

A seguir, polo Concelleiro do BNG, D. Xosé A. Goás Basanta, formúlanse os seguintes rogos e preguntas que, literalmente, din:



1.- A última data que a Alcaldía ten anunciado publicamente como data de presentación do Orzamento Xeral do Concello de Viveiro para este ano 2007, era a de agosto pasado. Imos entrar no mes de outubro e, a pesar de se ter contratado a un técnico máis para a xestión de recursos económicos, nada se sabe do Orzamento Xeral correspondente ao ano no que andamos e nada se concretou aínda sobre a presentación dos Orzamentos do 2008.

Preguntamos:

Para cando a presentación no Pleno dos Orzamentos Xerais do 2007?

Cal é o calendario previsto para a presentación e debate dos Orzamentos de 2008?.

O citado Concelleiro indica que considera contestada esta pregunta coa resposta dada pola Alcaldía á prantexada polo Voceiro do PP.

2.- Téñese anunciado publicamente por parte da Alcaldía o ofrecemento á Consellería de Medio Rural de terreos para a ubicación dunha nave de servizos, nomeadamente de vehículos e material contraincendios e de servizos agrarios.

Preguntamos:

Concretouse este ofrecemento?. É dicer, a día de hoxe podemos coñecer a posibel ubicación dos terreos que se ofrecen á esa Consellaría.

3.- O Conselleiro de Presidencia ten anunciado hai tempo a construción do Parque Contra-incendios nos terreos de Lavandeiras. Transcurridos varios meses desde este anuncio,

Preguntamos:

Que previsións existen para pór en funcionamento tan necesario Parque Contraincendios?

Polo Sr. Alcalde respóndese que “ El Concello de Viveiro ha planteado la ubicación de esta instalación en el relleno de Lavandeiras, próximo a la nave de protección civil, detrás de la piscina municipal, mas concretamente en la parcela nº 8 del Plan Parcial Lavandeiras – Lodeiro.

A principios de octubre de 2007 se presentan responsables de la Consellería así como el arquitecto encargado de redactar el proyecto para ver el lugar de ubicación y empezar con la redacción del proyecto.

Se trata de una edificación de unos 200 m2, la cual va a albergar oficinas y un garaje almacén para 3 camiones de incendios.

4.- Segundo a proposta da Alcaldía sobre a creación da Comisión Especial do Plano Xeral de Ordenación Municipal esta Comisión “reunirase o terceiro sábado de cada mes a partir do mes de setembro de 2007”.

Preguntamos:

Que pasos se deron para a constitución da devandita Comisión proposta pola Alcaldía?

Habrá reunión desta Comisión o vindeiro sábado día 22?

Polo Sr. Alcalde contéstase que xa houbo unha reunión e que agora cada Asociación deberá designar un representante.



Rogos e Preguntas formuladas polo Concelleiro de IU – EU, D. Orlando Expósito Mariño:

1º.- En qué situación se atopa a cuestión do acceso á Praia de Sacido.

Polo Sr. Alcalde contestase que se puxo en coñecemento da Jefatura Provincial de Costas, e que se está á espera da súa contestación.

2º.- Pregunta pola reforma do Peirao de Viveiro e a canalización do río.

O Sr. Alcalde responde invitando ao Concelleiro interpelante a unha reunión co representante de Costas.

3º.- Pregunta a inspección sufrida pola Praza de Abastos.

O Sr. Alcalde contesta que foi o SEPRONA e que lle estraña moito a dilixencia.

ROGO que se interese a Alcaldía pola situación provocada pola Oficina de Agricultura de Viveiro que segundo lle dín non da os permisos de queima que viña tramitando.

O Sr. Alcalde responde que non tiña coñecemento dese asunto pero que se enterará ante o Delegado de Consellería de Medio Rural.

ROGO que se cambien os gardarraís na estrada Viveiro-Cabreiros para evitar lesións e morte aos condutores de motocicletas.

O Sr. Alcalde respóndelle que lle transmitirá esa petición á Consellería de Política Territorial para que efectivamente se dispoña uns gardarraís que eviten as lesións que producen os que están instalados na actualidade.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as once horas e dez minutos, esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.